

LÓPEZ VÁZQUEZ, Ramón: *Domingo García-Sabell e a fenomenoloxía*, Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, Santiago de Compostela, 2013, 375p.

Ramón López Vázquez, catedrático de Filosofía e investigador do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, é un nomeado especialista no estudo e análise da obra de pensadores e filósofos galegos e da filosofía galega en xeral. Mostra disto son algúns dos títulos saídos da súa pluma editados polo Centro Ramón Piñeiro: *O Padre Feixoo, escolástico* (1995), *O pensamento rexeneracionista de Eloy Luis André (Do europeísmo ao galeguismo)* (1996), *A filosofía krausista en Galicia* (2ª ed. 2002), *Roberto Nóvoa Santos (Nova interpretación antropolóxica)* (2004), *Celestino Fernández de la Vega (Pensador do novo galeguismo)* (2007). Tamén editou e traduciu ao galego a *Ética xeral* (1999) do filósofo e profesor Ramón del Prado.

O método xeral de investigación de López Vázquez fórxase na fragua do filósofo Guillermo de Ockham, sobre o que fixo a súa tese de doutoramento *Conocer y decir del ser en Guillermo de Ockham. El ente equívoco* (1987). Na elaboración do seu método de acceso aos filósofos e ás súas filosofías, inspírase en tres trazos tirados do filósofo inglés. Primeiro, a primacía ontolóxica de cada ser singular como punto de partida do seu dicir e pensar. Segundo, a necesidade de coñecer a realidade sometendo a cada ser singular a un exame hermenéutico amplo (intelectual e biográfico), rigoroso (atento ao escrito e ao vivido), reconstrutivo (a partir da inmanencia dos signos escritos e ditos). Terceiro, a liberación da comprensión de cada ser singular das estruturas abstractas (precomprensións non xustificadas) e prexuízos

---

Recibido: 07/05/2015. Aceptado: 11/05/2015.

(exexéticos) que os apreixan nunha significación filosófica impropia. A finalidade é revelar a equivocidade, ambigüidade e paradoxos que habitan no pensar (tamén na escrita) de cada ser individual, deitar luz sobre as tensións, polaridades e forzas que cohabitan no quefacer creativo (tamén pensante) de cada ente concreto. Desde ese fondo de inmanencia téntase proporcionar coherencia a un obrar e actuar singular, a unha emisión de signos única en cada caso. O método de investigación filosófica é, xa que logo, filosófico: manifestar a excepcionalidade de cada ser presentándoo en escorzo a respecto de abstraccións deformadoras, rótulos simplistas e lecturas apresuradas.

Nesta ocasión López Vázquez constrúe unha exposición conceptual orixinal que dá cohesión racional ao pensamento do médico, intelectual e ensaísta compostelán Domingo García-Sabell. Cunha escrita suxestiva (rebordante en verbas do común erguidas a concepto), un estilo que mestura o pulo didáctico (reiteración e encadeamento de preguntas e respostas) e a severidade académica (primeiro plano outorgado aos documentos escritos), López Vázquez compón un relato coherente, argumentado, traballado con esmero, axudado coa soltura do manexo dunha documentación interiorizada. O resultado final é unha vía de entrada posible no pensamento sabelliano, unha fértil reconstrución da estrutura profunda do seu pensar, que resulta ser de cerna filosófica. Esta exposición, explicativa e interpretativa, clarexa a súa actividade de médico, intelectual, galeguista e pensador.

O libro está articulado nunha introdución e dúas grandes partes. Na primeira analízase ao pormenor a inspiración, bases e fundamentos filosóficos da obra de García-Sabell. Na segunda trázase un mapa iconográfico cultural de Galicia con xentes, autores, obras, da súa preocupación.

Na introdución adiántanse que o marco filosófico que dá a clave interpretativa do pensamento de García-Sabell é a analítica existencial cristiá e a antropoloxía heideggeriana (p. 22). A continuación expóñense os principios hermenéuticos da lectura que practica López Vázquez: a metáfora arbórea do carballo ou calquera metáfora do vexetal como visualización do labor intelectual (pp. 31-32) e a radicalidade do feito existencial da singularidade humana (inserta nunha tradición, comunidade, cultura) a respecto do mundo, como realidade previa a ter en conta antes de calquera operación intelectual de comprensión (pp. 36-37). Por último, desvélese a intención do pensamento sabelliano de superar os datos positivos achegados polas ciencias empíricas na súa comprensión do humano e non humano, dos estratos máis profundos do real, mercé á construción e aplicación dun novo

paradigma (o fenomenolóxico-existencial) que prescinde da mentalidade dicotómica e ten en conta a totalidade do real (p. 40).

A primeira parte desprégase tres grandes capítulos. No primeiro, “Horizonte de intelixibilidade”, pónense de relevo tres vías complementarias para penetrar no sentido do quefacer sabelliano: a noción de realidade, a biografía persoal, o talante. A primeira é o chamamento de Sabell a seguir o imperativo husserliano de ir ás cousas mesmas que el nomea como “realidade común”. Esta realidade común é paradoxal: punto de partida do coñecemento mais, na súa integridade, indescribible, porque ningunha rede lóxica, cognitiva, léxica, sentimental, mítica, volitiva, é capaz de apreixar a totalidade do real. Hai unha dimensión transcendental que excede o poder comprensivo do ser humano (p. 52). Porén, esta realidade dinámica, móbil, sendo de difícil obxectivación non é imposible porque o pulo transcendental representa algo activo dentro de cada ente individual. Xa que logo, cada ser non está pechado en si, senón que padece unha natural abertura. A idea de transcendencia brilla, por exemplo, nas facianas do erotismo contemporáneo (p. 63) e, sobre todo, nos vieiros das biografías persoais. Xa que logo, a segunda vía de entrada é o máis real de cada ser: a biografía. Así, hai unha parte a analizar a biografía de Sabell como ser singular que enfrenta a galeguidade desde a intimidade familiar, lingüística, profesional e mental (p. 73 e ss.). A terceira vía completa a anterior: o particular talante de Sabell marcado polo desdén intelectual (forma específica de denunciar a impostura, facer relucir a verdade, chamar ao pudor sapiencial), a práctica da amizade, a curiosidade, o estudio constante.

O segundo capítulo, “Un oficio de moita transcendencia”, comeza coa análise do aprendido dos pacientes, en grande parte labradores e mariñeiros galegos, que pasaron pola consulta clínica de Sabell. Explicáanse algúns conceptos que poderían formar parte da medicina antropolóxica (ou práctica médica humanista) baseada na fenomenoloxía e o existencialismo: enfermidade como totalidade (material e espiritual), vivencia (cultural) da enfermidade, doenza persoal (ligada á súa complexa verbalización), corporalidade afectada, contemplación do suxeito enfermo, historia biográfica, entre outros. Todos eles buscan superar o materialismo mecanicista e o positivismo reductor do labor clínico habitual. Desde eles cobran sentido o abandono do cientificismo chato e o recurso aos métodos da fenomenoloxía para entender determinadas realidades antropolóxicas. A fenomenoloxía existencialista na que repousa o saber sabelliano (p. 118) apprehende ao ser humano como un ser transcendente que vive nun mundo, asemade, transcendente. A fenomenoloxía dissolve os falsos dualismos, elimina o fisicalismo e abre a

práctica clínica á comprensión unitaria (total), correlativa (non causal), dinámica (non substancial), do soma, a psique e o espírito. Esta utilización da fenomenoloxía é incompleta sen a intuición como interpretación orixinaria ou intelección-aprehensión non constitutiva de calquera realidade (p. 123 e ss.). A intuición permite un ollar liberado da causalidade física e do esgazamento dos seres singulares da súa contorna. A intuición percibe calquera realidade na súa complexidade de conexións, posibilita a orientación do visible ao invisible, da parte ao todo, do presente ao futuro. Esta dimensión do futuro implica a toma de conciencia da transcendencia da existencia humana, unha especie de esixencia ética e estética de sermos morais con nós mesmos. O exercicio intuitivo descobre a necesidade de “autenticidade” (p. 139). O autor detecta en Sabell o paso da transcendencia á autenticidade, da ontoloxía á ética e á estética. Unha posible materialización é o “home cabal” deste novo humanismo (p. 144).

O terceiro capítulo, “O horizonte de esperanza: o europeísmo”, persegue comprender, a partir do antedito, a vocación (chamada) europeísta de Sabell e a fonda raíz antropolóxica que aniña no imperativo ético, político e social de europeizar Galicia: “Xa que logo, falar de europeísmo equivale a facelo basicamente de Fenomenoloxía e Existencialismo heideggeriano. Son as correntes de pensamento que na década dos anos sesenta se erguen contra a irracionalidade dos totalitarismos, xa sexan tecnocráticos e tecnolóxicos, xa políticos e ideolóxicos” (p. 150). Para Sabell existe unha íntima consonancia entre estas correntes filosóficas e o a forma galega de vivir e sentir: os galegos teñen querenza polo todo, aman a fusión coa totalidade do que os rodea, todo o individual acaba confundíndose coa totalidade (p. 152), non rexeitan a contradición como marco explicativo (p. 165). Heidegger, Joyce e Van Gogh son os síntomas da liberación do naturalismo e positivismo modernos, do novo xeito de pensar e crear (pp. 157-165). Max Scheler e Helmut Plessner son os achegadores dunha antropoloxía comprensiva que ten en conta a totalidade da persoa. Axudan a desenvolver unha antropoloxía da “integración” do corpo, alma, espírito (p. 170). Esta forza xenesiaca, creadora, aboia no mar da creación artística que tira novas caras ao real e producen unha visión. Son os poetas quen fan cristalizar o acto creador grazas á “imaxinación” (pp. 176-183). Forman parte da empresa europea de descubrimento dos estratos que compoñen a realidade. O concepto de imaxinación é o elo que une a primeira e segunda parte do libro, e prepara o terreo para un proxecto galeguista de proxección universal da cultura galega e de integración das tradicións máis vangardistas.

A segunda parte do libro principia co capítulo “O deseño da Galicia contemporánea”. Empregando o seu método fenomenolóxico, Sabell considera que Galicia é unha totalidade constituída pola Terra (corpo), xentes (alma) e mentalidades (espírito) que viven nela (p. 196): un espírito encarnado na Natureza. Un conxunto vivo do que é preciso partir metodoloxicamente para entender cada parte. O mar, a terra, a natureza, a articulación dos tres na e coa lingua, maila produción de paisaxes familiares e personaxes galegos, precisan ser tidos en conta nunha nova comprensión. Así, a “cultura galega” é a sistematización dos valores e contravalores existenciais encarnados polo pobo galego, unha ordenación lóxica, como o caso da lingua, que constitúe unha realidade (p. 204). Unha cultura á que é preciso asociar os signos da liberdade, a democracia e unha utilización construtiva da historia pasada. Neste sentido, Sabell concibe a responsabilidade e obriga moral con Galicia: mirar Galicia desde o miradoiro fenomenolóxico como un todo estrutural. Isto implica descubrir como Europa estivo decote presente en Galicia: os celtas (pp. 230-231), a cidade de Compostela e o camiño de Santiago (pp. 231-235), a figura de Diego de Xelmírez e a Universidade compostelá (pp. 235-236), a urbe de A Coruña como símbolo do espírito liberal europeo (pp. 236-238). Manter viva esta multidimensionalidade europea de Galicia é o compromiso galeguista que debe pór remedio ao perigo de esgotamento cultural. Neste punto, talvez como contrapunto, o autor retoma, de novo, a aplicación da vía fenomenolóxica para comprender a singularidade galega desde as posicións teóricas gañadas: a antropoloxía do home san e o doente (pp. 244-248), a antropoloxía do triplo eu ou antropoloxía transcendental do encontro (pp. 250-253), a saudade (pp. 254-258).

No capítulo segundo, “A obra de arte galega hoxe”, explícase o concepto sabelliano de “intuición iluminada”. É unha operación na que o aparecer do real non é substituído por unha simple representación, unha tarefa mercé á que o ser humano explica a súa inserción dentro da realidade e afasta o risco de vivir nun mundo ilusorio, a comunión íntima do suxeito e do obxecto, un xogo recíproco de mutuas comprensións complementarias (p. 270). A continuación déitase luz sobre as relacións entre Sabell e Luís Seoane, e as consideracións de Sabell arredor da arte pictórica contemporánea. No último capítulo “Autores e obras” expóñense as consideracións e observacións sabellianas sobre Valle-Inclán, Otero Pedrayo, Rosalía de Castro, Castelao, Cunqueiro, Manuel Antonio. Polo que ten de testemuño persoal, é moi interesante o caso do poeta Manuel Antonio.

Remata o libro cun “A modo de epítome” no que se repasan os elementos clave para a comprensión do filósofo García-Sabell: a fenomenoloxía

como método intuitivo e dinámico (non redutor de contradicións e paradoxos), o papel da imaxinación como materialización da transcendencia pura que fai presente ou ausente estratos do real, a transcendencia como ímpeto do real, a contorna ética da figura de Sabell, o aspecto paradoxal da vida e o tempo.

En suma, o traballo de López Vázquez logra dar resposta a varias das preguntas que xorden ao abordar o estudio en profundidade de personaxes polifacéticos, ás veces polémicos, e de ampla cultura: o seu quefacer intelectual, ético e político responde a un sistema de pensamento organizado ou ao azar das ocasións?; cal é á súa filosofía?; cal a arquitectónica do seu pensamento? Este libro é unha peza filosófica que declara aberto, con acerto e tino, o debate sobre a actividade, escrita e dimensión filosófica do médico galeguista Domingo García-Sabell.

Miguel Ángel Martínez Quintanar